

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E O CONSORCIO DE SANTIAGO EN MATERIA DE RECUPERACIÓN URBANA.

Santiago de Compostela, 14 de Febreiro de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela e, como tal, Presidente do Consorcio da Cidade de Santiago,

Pola outra, Don Xosé Manuel Villanueva Prieto, Xerente do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

Que dende a creación do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, o 28 de abril de 1992, este organismo e o Concello estableceron varios acordos de cooperación para levar a efecto accións de recuperación urbana da cidade.

Que no orzamento para o exercicio de 2006, o Consorcio formulou a necesidade de redefinir e clarificar neste tema as relacións co Concello sobre en as base aos seguintes criterios:

- a) O Concello (previo acordo do Consorcio a respecto da súa liña de acción) exercerá de forma directa as funcións de convocante de axudas á rehabilitación; recibirá as solicitudes e as tramitará; autorizará as licencias e, en xeral, xestionará administrativamente os programas.
- b) O Consorcio, pola súa parte, asumirá a función de soporte técnico e financeiro das actuacións, incluíndo a aportación de recursos para asegurar a posta en marcha da xestión dos programas nos que participa. Cando leve adiante intervencións en espazos públicos, recibirá unha encomenda de xestión específica do Concello para acometer a actuación.
- c) Concello e Consorcio establecerán un procedemento para unificar criterios técnicos e estéticos nas súas respectivas intervencións. Para iso haberán de pór en común e coordinar as intervencións que realicen, e fomentarán a intensificación da supervisión municipal sobre as actuacións que se realicen dentro do Centro Histórico por parte de terceiros aínda que non se acollan aos programas de subvencións.

Así, para concretar estas bases,

ACORDAN:

a) Sobre a coordinación xeral

PRIMEIRO: Aos efectos de asegurar a coordinación na acción dos dous organismos en materia de recuperación urbana así como o seguimento da mesma, crearanse unha Comisión de asesoramento ao Presidente do Consorcio e unha Comisión técnica de coordinación.

SEGUNDO: A Comisión de asesoramento ao Presidente do Consorcio, que será presidida por este, estará formada polos concelleiros con competencias sobre a Cidade Histórica, a obra pública e o turismo, e o Xerente do Consorcio.

As funcións da comisión serán asesorar ao Alcalde-Presidente na formulación de iniciativas e propostas ao Consello de Administración do Consorcio en materia de recuperación urbana, así como realizar o seguimento e avaliación das actuacións en marcha e a adopción de medidas que melloren a coordinación entre a actuación do Concello e do Consorcio para a acaída realización das referidas actuacións.

TERCEIRO: A Comisión técnica de coordinación entre o Concello e o Consorcio estará composta por tres representantes do Concello e outros tres do Consorcio. O Alcalde-Presidente designará un Presidente de entre os membros da comisión, o cal asumirá as funcións de convocatoria e dirección da sesións. A comisión disporá dun secretario de actas, designado polo Presidente, de entre funcionarios do Concello. O Presidente, por propia iniciativa ou a proposta dos outros membros da Comisión, poderá solicitar a presenza nas sesións doutros técnicos para que asesoren sobre os aspectos concretos que estimen oportunos.

As funcións da comisión técnica serán:

- a) a elaboración das propostas de proxectos e actuacións que se estime deban acometer o Consorcio e o Concello en materia de recuperación urbana. Esas propostas deberán artellarse sobre memorias que permitan coñecer os obxectivos e características esenciais de cada proxecto e actuación.
- b) a elaboración de propostas de condicións técnicas para a redacción de proxectos, para a contratación de obras e para o desenvolvemento de actuacións e, en xeral, cantas outras sexan necesarias para asegurar a homoxeneidade de criterios e a mellora da calidade das intervencións que se acometan na cidade tanto polo Consorcio como polo Concello.
- c) a elaboración dunha memoria anual avaliando o resultado dos proxectos que resultaran finalmente acometidos.

Tanto da proposta de proxectos e actuacións como da memoria anual de avaliación, a Comisión técnica deberá dar conta por escrito ao Concello e ao Consorcio.

A Comisión será convocada polo Presidente como mínimo dúas veces ao ano e sempre que o considere oportuno para o cumprimento dos seus fins. Dos seus acordos levantarase acta.

b) Aspectos específicos da cooperación entre os dous organismos en materia de intervencións en espazos públicos

CUARTO. O Consorcio poderá executar proxectos de intervención en espazo público municipal sempre que reciba unha encomenda de xestión específica do Concello ao abeiro do establecido no artigo 15. da Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Nas citadas encomendas de xestión establecerase, en todo caso:

- a) a participación de representantes do Concello nas mesas de contratación de encargos de redacción de proxectos e contratación de obras.
- b) a necesaria autorización municipal dos proxectos antes do inicio da contratación das obras.
- c) a designación dun responsable do goberno municipal como encargado da relación ordinaria co Consorcio a respecto de cada intervención.
- d) a designación dun técnico aos efectos de o Concello exercer as súas competencias de supervisión das intervencións urbanizadoras no Municipio.

c) Aspectos específicos da cooperación entre os dous organismos en materia de rehabilitación e mantemento de vivendas e locais comerciais

QUINTO. O Consorcio e o Concello colaborarán no programa de rehabilitación e mantemento de vivendas e locais comerciais no Centro Histórico do xeito seguinte:

- a) Anualmente, determinarase as axudas que financiará o Consorcio dentro do cadro da Ordenanza Municipal reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas en execución do Plan Especial de protección e rehabilitación da cidade histórica. As axudas así establecidas serán obxecto de convocatorias específicas, nas cales se fará constar a circunstancia de seren financiadas polo Consorcio.
- b) Previa petición do Concello e autorización expresa do Consello de Administración do Consorcio, este poderá proceder ao pagamento das subvencións derivadas da citada ordenanza que se financien con recursos do Plan de Vivenda da Xunta de Galicia e do Estado.

A estes efectos, deberá subscribirse un convenio específico, de conformidade co establecido na Base 5, parágrafo 4 das de execución do orzamento do Consorcio para o exercicio de 2006.

- c) O Consorcio, a través da súa Oficina Técnica, realizará os informes de visita previa e a redacción de proxectos ou documentación técnica precisa para a restauración, rehabilitación ou mantemento de edificios, así como o seguimento e informe de final de obra daquelas vivendas ou edificios do casco histórico que sexan obxecto de subvención. Este conxunto de accións técnicas tramitaranse a través da Oficina Municipal do Centro Histórico e Rehabilitación.
- d) O Consorcio facilitará á Oficina Municipal do Centro Histórico e Rehabilitación o uso da planta baixa do Pazo de Vaamonde para a instalación no mesmo do persoal necesario para a atención ao público e a xestión do programa de axudas á rehabilitación de edificios e vivendas en execución do Plan Especial de protección e rehabilitación da cidade histórica. Tamén a estes efectos, o Consorcio aportará ao Concello unha cantidade de 110.000€, no ano 2006, para impulsar a xestión administrativa das accións de recuperación urbana financiadas polo Consorcio. O Concello, por medio da Oficina Municipal do Centro Histórico e Rehabilitación, axilizará os trámites de licencias urbanísticas para o desenvolvemento dos programas de recuperación urbana conveniados co Consorcio, e desenvolverá unha acción de supervisión de todas as actuacións que se realicen no Centro Histórico por parte de particulares para asegurar o cumprimento da normativa urbanística tanto nas intervencións obxecto de subvención como nas que non se acollan aos programas de axuda pública.
- e) As transferencias de capital correspondentes ás axudas á rehabilitación de vivendas, locais e edificios que deba facer efectivas o Consorcio aos beneficiarios aboaranse unha vez aprobadas pola Comisión executiva do Consorcio, por delegación do Consello de Administración, logo da notificación por parte da Oficina Municipal do Centro Histórico e Rehabilitación da súa aprobación por parte da Xunta de Goberno do Concello.
- f) O Concello e o Consorcio coordinarán as accións de promoción e difusión dos programas de recuperación urbana nos que cooperen. En todos os elementos de imaxe figurará o anagrama do Consorcio así como a súa colaboración no evento. O uso a estes efectos de material técnico elaborado polo consorcio requirirá autorización previa da Xerencia.

d) Aspectos específicos da cooperación entre os dous organismos en materia de restauración de monumentos

SEXTO. O Concello designará un técnico municipal para a súa participación no grupo de traballo interno do Consorcio que anualmente propondrá as actuacións do organismo en materia de restauración de monumentos.

ACORDO TRANSITORIO

O Concello designará formalmente un técnico para exercer as funcións indicadas no acordo CUARTO, parágrafo d) en relación coas obras de espacio público actualmente en execución por parte do Consorcio, o cal contará coa asistencia dos técnicos do Consorcio que ata o momento viñan realizando funcións equivalentes.

ACORDOS ADICIONAIS

Primeiro: O Consorcio, no momento de aprobación da súa programación plurianual para o período 2007-2010 concretará as cantidades que poderá aportar para apoiar neses anos a xestión administrativa das accións de recuperación urbana que desenvolva.

Segundo: O Consorcio colaborará no desenvolvemento por parte do Concello dun sistema de información territorial no que atinxe ao Centro Histórico. A estes efectos, o Concello designará un responsable técnico para a interlocución co Consorcio.

Terceiro: A Oficina Municipal do Centro Histórico e Rehabilitación colaborará na posta en marcha do Observatorio Urbano da cidade histórica de Santiago de Compostela, que vai impulsar o Consorcio. A estes efectos, o Concello designará un responsable técnico para coordinar as accións necesarias, e o Consorcio facilitará ao Concello o uso da información derivada da actividade do observatorio.

ACORDOS FINAIS

Primeiro. Para o desenvolvemento dos acordos contidos neste protocolo, o Concello e o Consorcio poderán establecer convenios específicos que os concreten e precisen.

Segundo. Este protocolo, que deixa sen efecto calquera outro convenio anterior, ten unha vixencia dun ano, prorrogable por igual período de tempo de xeito automático, a non ser que unha das partes o denuncie un mes antes do seu vencemento.

Polo Concello
O alcalde

Polo Consorcio
O xerente

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo.: Xosé M. Villanueva Prieto